

Registro Xeral: UVIGO1101 N° 200600016749

No informe "Universidade de Vigo. Exercicio 2003" do Consello de Contas de Galicia, realizado no ano 2005 e publicado no 2006, no seu epígrafe "Proxectos de investigación" apartado "Programas de intervención científica en relación ao Prestige" recolle a seguinte incidencia:

"Dentro dos gastos executados no exercicio fiscalizado por importe de 233.369 €, inclúese o pago de 58.900 € en concepto de gratificacións para compensar economicamente os servizos extraordinarios prestados fóra da quenda normal de traballo de 14 funcionarios que participan na organización, coordinación, tramitación, avaliación e resolución da intervención investigadora. Este gasto non está debidamente xustificado, xa que o pago deses funcionarios efectuouse nos meses de xuño e decembro do exercicio fiscalizado sen que quedara constancia nin do número de horas realizadas nin da contía coa que se compensa cada unha delas".

O artigo 82 g) dos Estatutos da Universidade de Vigo, en relación cos deberes que temos todos os membros da comunidade universitaria inclúe entre estes o seguinte: "Potenciar a vinculación e o prestixio da universidade na sociedade". No artigo 160, incluído no capítulo 4: A xestión dos gastos, di: "A Universidade de Vigo organizará as súas contas segundo principios dunha contabilidade orzamentaria, patrimonial e analítica e asegurará mediante o Servizo de control interno a fiscalización dos seus ingresos e gastos".

Consonte co sinalado polo Consello de Contas e tomando como referencias, ademais da normativa común que recolle a lexislación vixente, o que expresamente se di nos nosos Estatutos, solicitamos que se nos facilite os seguintes datos:

1. Nome e posto que ocupan os funcionarios que percibiron esta gratificación.
2. Xustificación para realizar este pagamento en concepto de gratificación..
3. Relación detallada das horas traballadas, e da contía coa que se compensa cada unha delas.
4. Tempo traballado, fora da xornada ordinaria, por cada un dos receptores, con indicación da data na que se realizaron as horas extraordinarias.
5. Gratificacións pagadas por este mesmo concepto nos anos 2004, 2005 e 2006.
6. Información sobre si o Servizo de control interno fiscalizou este gasto tal e como é o seu deber, e, no caso de facelo porque o gasto está sen xustificar.

Lémbrolles que o informe do Consello de Contas é público e que como institución estamos obrigados a render contas ante a sociedade.

Ademais, é preciso sinalar que membros de todos os sectores da comunidade universitaria, como parte viva da sociedade, colaboraron activa e desinteresadamente na limpeza dos estragos causados polo afundimento do Prestige, tarefa que tamén realizaron milleiros de persoas doutros estamentos da sociedade chegados de todos os puntos da xeografía nacional e internacional para sumarse solidariamente á limpeza.

Pregámoslles que esta información a remitan aos locais da Sección Sindical.

Vigo 16 de novembro de 2006

Atentamente

Manuel Velasco Graña

Coordinador da Sección Sindical
de CC OO da Universidade de Vigo

SR. VICERREITOR DE INVESTIGACIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO.
SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO